

2º CONCURSO DE INTERVENCIÓNS ARTÍSTICAS COG GRUPO REGUEIRA 2020/21

BASES

O concurso de intervencións artísticas, forma parte das accións do Centro Oncolóxico de Galicia para “humanizar” o espazo hospitalario. Nace dunha experiencia moi positiva (NaEspera) que puxemos en marcha co colectivo Arteu e ten vocación de continuidade cunha convocatoria anual.

Convocamos un concurso de proxectos de intervención artística nun espazo público hospitalario. O premio consistirá na realización da obra, cunha bolsa adicional para gastos e un premio en metálico.

Debido á funcionalidade do espazo en que se incorporará a obra, limitaremos o tipo de intervención artística a: pintura mural ou en soporte, fotografía, escultura ou grabado, así como tamén o cruzamento de calquera destas linguaxes dentro dun mesmo montaxe que interaccione co espazo ou o público

Os gañadores realizarán a instalación da súa obra nos espazos sinalados durante unha fin de semana, no prazo dos dous meses seguintes á concesión do premio.

PARTICIPACIÓN

Poderán concorrer todas as persoas que así o desexen sen distinción de residencia ou nacionalidade.

Poderán participar creadores a nivel individual ou colectivo, os grupos poden ter entidade xurídica ou poden formarse para a ocasión, sendo unha persoa a responsable de interlocucións e xestións administrativas.

Serán participantes do concurso de intervencións plásticas quen se inscriba no concurso enchendo a inscrición ata o 15 de xaneiro de 2021 no correo electrónico comunicacion@cog.es

Unicamente poderá ser seleccionada unha delas por autor (persoa ou grupo) en cada edición.

É necesario e obrigatorio para estar inscrita e seleccionada, presentar a documentación e datos completados, no tempo da inscrición.

XURADOS E PREMIOS

A técnica para empregar será libre.

Unha vez pechado o prazo de inscrición realizarase unha selección dos proxectos participantes, realizado por un xurado técnico formado por tres persoas designadas polo Museo de Belas artes de A Coruña, polo Colectivo Arteu e pola dirección do COG respectivamente.

O xurado técnico seleccionará o proxecto gañador no mes de decembro de 2020, sendo o seu fallo definitivo e inapelable.

O xurado elixirá tamén dous accesit e, no caso de que o primeiro premio non puidese realizar a intervención, faríano o primeiro accesit ou, no caso de que o primeiro tampouco puidese, o segundo accesit. Estes accesit, que en principio non terán premio en metálico, recibirán no caso de que o proxecto seleccionado non se puidese levar a cabo, o premio íntegro (realización da obra, bolsa adicional e premio en metálico)

O xurado poderá deixar deserto o premio se o estimase oportuno.

Os criterios de selección estableceranse segundo os seguintes elementos de avaliación: Creatividade, impacto social, materiais e adecuación ás necesidades de espazo e público, sendo necesaria a viabilidade técnica e xeneral do proxecto. Por último, ao non tratarse dunha presentación en plica anónima, terase en conta a traxectoria dos artistas, sen ser este en ningún caso o criterio de selección máis importante.

Os proxectos gañadores daranse a coñecer durante o mes de decembro, tras o peche do concurso, notificando aos autores de dicha propostas e coordinando a data de realización da montaxe.

O premio, achegado por AD Grupo Regueira S.A., para o gañador das intervencións plásticas será de 2000 euros, a estes aplicaráselle as “retencións fiscais que correspondan”

Os gañadores recibirán o importe do premio unha vez realizada a intervención. Antes de realizala e unha vez coordinadas as datas da mesma co Centro Oncolóxico recibirán unha bolsa de 300€ en concepto de gastos de materiais.

As obras deben producirse con materiais resistentes, hixiánicos, fáciles de limpar e conservar nunha contorna hospitalaria.

O artista recoñecerá o carácter efémero da obra gañadora. Ao tratarse dunha intervención nun espazo hospitalario o Centro Oncolóxico se reserva a posibilidade de ter que actuar no futuro sobre ese mesmo espazo, en función das necesidades que puidesen xurdir froito da actividade asistencial.

Os materiais visuais xerados durante a realización do Concurso poderán ser utilizados dentro da contorna do mesmo, así como nas canles de difusión e comunicación que o Centro Oncolóxico de Galicia ten á súa disposición.

A inscrición implica a aceptación destas bases, así como a resolución pola organización de calquera suposto non recollido nestas.

INSCRICIÓN

As persoas interesadas farán chegar o seu proxecto ao correo electrónico comunicacion@cog.es No mesmo incluírán os seguintes datos:

CONCURSO INTERVENCIÓNS PLÁSTICAS COG 2020

Título do proxecto plástico:

Disciplina á que pertence a proposta:

Creador ou creadores (nome e apelidos):

Nome do grupo ou entidade:

N.I. F./ C.I. F.:

Teléfono móbil de contacto:

Localidade:

Provincia:

Código postal:

Correo electrónico:

Web:

Facebook:

Twitter:

DESCRICIÓN DA INTERVENCIÓN

Explicación da intervención: Por que se propón esa intervención, que vai achegar ás persoas que pasen polo centro hospitalario, ...

Fase previa á realización:

Necesidade de recollida de material, adecuación do espazo, etc.

Fase de realización:

Duración da montaxe, número de persoas, materiais, dimensións, etc.

Documentación do proceso:

fotográfico, en redes, outros...

NECESIDADES TÉCNICAS

Relación de materiais funxibles e características dos distintos elementos. Relación de materiais inventariables e características dos distintos elementos.

Necesidade de infraestrutura no lugar da realización.

NECESIDADES DE PARTICIPACIÓN

Inscripción e tipo de perfil de participante na acción

CURRICULUM AUTOR/ENTIDADES

(obrigatorio anexar)

IMAXE/DEBUXO/BOSQUEXO DA PROPOSTA


(obrigatorio anexar)

Texto de información para comunicación:

Anexar dúas imaxes para a difusión do Concurso dos autores ou as intervencións

ESPAZO DE INTERVENCIÓN

PLANTA BAJA EDIFICIO ANEXO



O espazo seleccionado para a segunda edición corresponde á entrada do Servizo de Oncoloxía Radioterápica “Camilo Veiras”. O espazo para intervir componse de dous muros enfrontados dunha lonxitude de 7,8 metros, e dá acceso ao servizo de maior actividade do hospital

